

1-11989

CHAIRA NO CORAZÓN

Gostábame vivir aló en Roás
na vella casa que os avós ergueron
e mirar os dourados carballás
que neste longo outono se acenderon.
Gostábame mirar prá Chousa Vella
e solprender o voo dalgunha folla
que o vento maino leva e enguedella
deica o río do tempo en que se molla.
Gostábame saber que as cousas pasan
moi despaciosamente polo mundo
e en sucesión de tempo se compasan.
Gostábame gozar todas as cousas
e ver como este outono moribundo
pon cendás de ouro vello ás miñas chousas.

O meu país é doce coma o mel
e a miña casa petrucial é clara
e amítaselle a un pétreo caravel
que no centro do mundo floreara.
O meu país é chairro e amo nel
a esplendorosa luz que me resvara
pola memoria e arrepiá a pel
coa nostalxia de antonte doce-amara.
O meu país é claro e largacío,
ben amado de vento e máis de río,
coroado de estrelas e de sol.
O meu país é chan e a miña casa
cálida está no lembro coma brasa
que dorme entre recóndito remol.

A miña xente vén do sol que antonte
fixo cocer o barro desta terra
e domina unha chaira en que se encerra
todo o mundo no circo do horizonte.
A miña xente é clara coma a fonte
que escoa impetuosa desde a serra,
e no seu corazón a patria berra

cunha canción de amor que chega de onte.
A miña xente é dura coma pedra,
despaciosa e tenaz igual ca hedra,
e arrinca do sochán a nosa vida.
A miña xente é cálida e labrega
e labra o duro chan coa forza cega
da terra en carne humana convertida.

Este lugar do vento máis amado
que a torre da orgoleza ergue señora,
na lembranza está sempre levantado,
central cousa belísima e canora.
En cenital albura contrastado
-que dentro vai e se refrexa fóra-
cínxelle o vento cada seu costado
de antergo canto amigo cada aurora.
Cínxelle o vento cada seu vieiro,
cada cruce e gozosa confluencia
dos camiños innúmeros da chaira,
e a torre disfarzada de cruceiro
contra a noite vixía a transparencia
do meu país coma unha estensa aira.

Se o meu país e as cousas doutra idade
foran comigo como dentro as levo,
veríase a magarza e máis o trevo
xurdiren das regañas da cidade.
Se o meu país de clara lonxidade
viñera canda min como alto o enlevo,
a fonte amargue en que por veces bebo
recobraría un saibo que se evade.
Se o meu país de abertas chás que o vento
coma cabalo toleirán gallopa
viñera canda min a esta cidade,
ben puidera gozar un viño lento
que enchería de luz a miña copa
entrouques da tristura que me invade.

Chaira no corazón, ou lume aceso,
misterio ~~in~~ que poboa o bosco antigo,
recordo longo que ficou apreso
no vai e vén do vento sobre o trigo.

Chaira no corazón, ou propia casa,
cotidiano país, camiño andado,
río que volve en si e nunca pasa,
cálido mar de nós mesmos xerado.

Chaira no corazón, eido nativo,
raigame fonda de granito vivo,
cantar de amor e floración de lume.

Chaira no corazón, arbore de pedra,
hedra que arraiga en nós e de nós medra.

Chaira no corazón, cifra e resume.